

CIRCULAR ENTROIDO

Ola a todas e todos! Como sabedes, acérase a celebración do **Entroido**, que terá lugar ao longo da semana **do 5 ao 9 de Febreiro**.

De **luns a xoves** poñeremos en marcha os **MANDADOS DO MECO**:



Mandados do Meco


Do **Luns 5 ao Xoves 8 de Febreiro**, as nenas e os nenos estaremos ás órdenes do Meco. O Meco manda!

LUNS 5: Amigas e amigos , isto **EMPEZA** **NON** esquezas traer algo na **CABEZA**

MARTES 6: Adorna o teu **PESCOZO** con algo ben **FERMOSO**

MÉRCORES 7: Na **CINTURA** algo traerás e a todxs **ANIMARÁS**

XOVES 8: Isto non pode parar, os teus **PÉS** terás que **CAMBIAR**

C.P.R. Plurilingüe Valle Inclán 1

O **venres, día 9** disfrazaremosnos para continuar coa nosa tradición de desfilarmos polas proximidades do colexio. Este día, a nosa temática será en torno ao **PROXECTO DE CENTRO** no que estamos a traballar este curso: **“O pintor Luís Seoane”**.

Se vai bo tempo, o **alumnado de Infantil** sairá desfilando a carón do colexio e o **alumnado de Primaria** continuará co desfile pola Estrada de Catabois en torno ás **12:00 da mañá**.

A titora ou titor de cada curso, enviará información ás familias respecto do disfraz para ese día.